

Festas no Castiñeiriño

CEDIDA

Volve o San Antón a un barrio senlleiro que medra sen perder a súa identidade

O día grande da celebración será mañá, con misa ás 12.30 horas e a tradicional procesión

Redacción

Ás portas do verán, cando os días se alongan e a vida volve ás rúas, O Castiñeiriño prepárase para celebrar unha das súas citas máis tradicionais. As festas de San Antón regresan esta fin de semana a un barrio que conserva o espírito popular de sempre, pero que ao mesmo tempo mudou profundamente na última década, coa chegada de novas promocións de vivendas, o aumento da poboación e a consolidación de servizos e comunicacións que o converteron nunha das zonas máis dinámicas de Santiago.

Nese contexto de crecemento e renovación, as festas seguen funcionando como un punto de encontro entre o barrio de toda a vida e os novos veciños que se foron incorporando nos últimos anos. Unha oportunidade para compartir espazos, fortalecer a convivencia e reivindicar unha identidade colectiva que se man-

tén viva malia os cambios urbanísticos e demográficos.

Ademais, todo apunta a que o tempo acompañará. As previsións de MeteoGalicia anuncian unha fin de semana plenamente estival, con ceos despexados e temperaturas máximas que poderían superar os 30 graos, condicións ideais para gozar das celebracións ao aire libre.

O programa deseñado pola comisión de festas arrincará este sábado cunha misa ás 12.30 horas seguida da tradicional procesión en honra a San Antón. A xornada contará tamén coa participación do grupo de gaitas A Carballeira, encargado de poñerlle son á celebración máis relixiosa da festa.

Espérase unha fin de semana plenamente estival, con ceos azuis e temperaturas que roldarán os 30 graos



Integrantes da formación Channel. Na fila inferior, 2º pola esq., José M. Nande, membro da comisión de festas.

ANTONIO HERNÁNDEZ

A continuación chegarán o vermú e a tradicional sesión de baile, amenizados polas formacións Channel e Stylo, que serán as encargadas de marcar o ritmo na primeira das xornadas festivas.

As celebracións continuarán o domingo 14, cando a música volverá ocupar un lugar destacado da man da orquestra Channel, encargada de amenizar a sesión vermú.

Máis aló do programa, San Antón segue sendo unha das festas que mellor simbolizan a capacidade dos barrios composteláns para conservar as súas tradicións. A comisión



Nesta edición do San Antón non haberá atraccións no campo da festa.

que organizou os festexos durante moitos anos despídese nesta edición coa esperanza de que no futuro

sexan outros veciños e veciñas os que asuman o reto de manter viva a celebración. ■



ORLANDO CONDE
FISIOTERAPIA OSTEOPATÍA

Porque a túa saúde merece as mellores mans

OSTEOPATÍA

ESPECIALISTA EN TERAPIA MANUAL

ESPECIALISTA NA DOR MIOFASCIAL

www.orlandocondeosteopatia.es
Travesía do Restollal, nº 1 A - Bajo - Santiago · T. 981 071 686



Lupe's
Coffe & Beer

Rúa Monte do Seixo, 7
Castiñeiriño
Santiago

T. 981 07 89 27



Tenemos CABRA

También para llevar



Restaurante
Paz Nogueira
desde 1840

C/ Castiñeiriño, 14-16
15702 Santiago de Compostela
Tells. 981 591 436 / 981 592 016
www.restaurantepaznogueira.com

Servicar

SERVICIO DEL AUTOMÓVIL



Dr. Teijeiro, 31
15701 Santiago de Compostela
servicar@servicartaller.es

MECÁNICA Y ELECTRICIDAD
CHAPA Y PINTURA
SERVICIO DE RUEDAS

T. 981 562 477
M. 629 578 736

Festas no Castiñeiriño

CEDIDA

Redacción

Poucos lugares de Santiago exemplifican mellor os cambios que experimentou a cidade nas últimas décadas que O Castiñeiriño. O que hoxe é un dos barrios con máis dinamismo residencial da capital galega, con novas promocións de vivendas, servizos e centos de familias novas que se foron asentando neste punto da zona sur compostelá, naceu oficialmente en 1957 como unha parroquia formada a partir de territorios pertencentes a Sar, Conxo e Cacheiras.

A nova parroquia de Nosa Señora de Fátima do Castiñeiriño foi creada por iniciativa do cardeal Quiroga Palacios nun momento no que a zona conservaba unha marcada identidade rural. Daquela, os camiños eran pouco máis que pistas de terra, as fincas estaban ocupadas por vacas e outros animais de gando e a vida xiraba arredor dun pequeno núcleo de casas dispersas ás marxes do río Sar.

A igrexa da Nosa Señora de Fátima, inaugurada ese mesmo ano, converteuse axiña nun dos símbolos dun territorio que comezaba a construír unha identidade propia a partir de lugares procedentes de distintas parroquias históricas.

Durante décadas, O Castiñeiriño medrou como un barrio traballador, cun forte sentimento de pertenza e cun movemento veciñal especialmente activo. A Asociación de Veciños desempeñou un papel fundamental entre os anos setenta e principios dos dous mil, impulsando melloras urbanísticas e reclamando servizos para unha zona que, pouco a pouco, ía deixando atrás



Igrexa de Nosa Señora de Fátima xunto a unha das promocións inmobiliarias construídas nos últimos anos no corazón do Castiñeiriño.

O San Antón une o barrio de sempre e o que foi medrando coa expansión urbanística

O Castiñeiriño é hoxe en día un dos lugares de Santiago de maior dinamismo residencial

a súa condición de periferia rural.

O gran salto chegou a partir dos anos noventa. A expansión urbanística transformou por completo a paisaxe do barrio. Onde antes había leiras apareceron edificios, rúas novas e centos de vivendas que converteron O Castiñeiriño nunha das áreas de crecemento de Santiago.

A transformación foi tan profunda que moitos dos veciños de toda a vida apenas recoñecen aquel barrio no que todos se coñecían. Con todo, hai elementos que resistiron ao paso do tempo e que seguiron actuando como punto de unión entre xeracións.

O barrio naceu oficialmente en 1957 como unha parroquia formada por terras de Sar, Conxo e Cacheiras

As festas de San Antón son un deles.

Durante décadas, a celebración serviu para reunir a veciñanza nun barrio cada vez máis grande e diverso. E boa parte desa continuidade explícase polo traballo dunha comisión de festas que agora decide dar un paso ao lado tras moitos anos de dedicación. ■

Especialidad en Churrasco de Ternera



Casa Miguel Parrillada

Rúa do Restollal, 71 | Santiago de Compostela | T. 981 59 70 04

LA CALIBANA CAFE BAR

Del primer café de la mañana al último brindis de la noche.

689 98 89 36

R/ Saezino Rivero Torre, 2 Bajo & 15702 Santiago de Compostela

Desayunos, Pastas, Hamburguesas, Raciones, Frappes, Mojitos

Donde siempre hay un hueco para ti

Buen ambiente, buena comida y momentos que se recuerdan.

capitalpyme

ASESORES FISCAL · CONTABLE · LABORAL

Rúa Restollal, 19 baixo
Santiago de Compostela | 981 93 53 31

www.capitalpyme.com

NOZZEO

Nuestro sueño, tu descanso.

Rúa do Restollal, 35, baixo | Santiago de Compostela
981 063 425

Festas no Castiñeiriño

Redacción

As festas de San Antón que O Castiñeiriño celebra esta fin de semana terán un significado especial. Non só porque marcan a chegada do verán nun dos barrios máis dinámicos de Santiago, senón porque serán as últimas organizadas pola actual comisión de festas, un grupo de veciños que leva décadas dedicando tempo, esforzo e ilusión a manter viva unha das celebracións máis tradicionais da cidade.

Entre eles está José M. Nande, unha das caras máis coñecidas da organización. A súa vinculación coas festas remóntase á adolescencia e, desde finais dos anos noventa, converteuse nun dos principais motores dun colectivo que agora decide dar un paso ao lado. Ao seu carón traballaron ata o de agora Miguel Caeiro, Luis Freire, Manuel Barbazán, Isabel Rendo, María del Valle Montero, Celia Barbazán, Esther Moure e Andres Ameneiro, falecido hai uns meses.

«Levamos moitos anos e a xente está cansa», recoñece Nande. Non fala tanto do traballo das festas en si, senón das dificultades que foron medrando arredor da súa organización. A burocracia, os trámites administrativos e a falta de remuda xeracional acabaron pesando nun grupo que durante anos foi renovándose para garantir a continuidade dunha celebración que nunca faltou á súa cita, agás durante a pandemia.

Con todo, José M. Nande prefire facer balance desde o orgullo máis que desde a nostalgia. Porque se hai algo que resume a historia recente da comisión é a súa tenacidade para conseguir unha reivindicación que parecía imposible: recuperar un campo da festa para o barrio.

Moitos anos sen contar cun campo da festa

A historia comezou en 1993, cando a expansión urbanística do Castiñeiriño obrigou a perder o espazo tradicional onde se celebraban os festexos. A partir dese momento, a comisión tivo que iniciar unha longa peregrinación por parcelas públicas e privadas, adaptando cada ano os actos ás con-



A comisión de festas do Castiñeiriño, que organizou este ano o seu último San Antón, nunha imaxe tomada o ano pasado.

A comisión despídese coa satisfacción de deixar un campo da festa para o barrio

Celebra o seu último San Antón tras longos anos de traballo en defensa das tradicións

dicións dos terreos dispoñibles para celebrar o San Antón.

«Houbo anos nos que tivemos que facer as festas en fincas que había que preparar practicamente desde cero», lembra. A situación estaba lonxe da ideal para un barrio que medraba a gran velocidade e que vía como desaparecía un dos seus espazos de encontro máis emblemáticos.

Por iso, durante anos os membros da comisión mantiveron unha idea fixa

O campo da festa é utilizado acotío polas familias do barrio para que a cativada poida xogar e facer deporte

na cabeza: non abandonarían a súa responsabilidade mentres o Castiñeiriño non recuperase un lugar propio



O campo da festa é un espazo multifuncional empregado a diario pola veciñanza.

para celebrar dignamente as festas.

Ese obxectivo fíxose realidade hai apenas uns anos coa creación do actual campo da festa, un espazo multifuncional que hoxe utilizan diariamente nenos e mozos para xogar ao fútbol, andar en bicicleta ou patinar: «Foi a maior satisfacción que tivemos».

A despedida estará marcada tamén polo recordo de Andrés Ameneiro. Os seus compañeiros queren destacar a súa implicación e a pegada que deixa nun colectivo que durante anos compartiu traballo, preocupacións e celebracións arredor dunha mesma idea: facer barrio. ■

A Santiaguina
BARRIO DE SAN ANTON

Piedras de Santiago
Barrido Tradicional de Aluente

Pastelería LA PERLA 1
Rúa San Francisco nº 30
T. +34 981 581 958 - 696 435 271
15704 - Santiago de Compostela

Pastelería LA PERLA 2
Rúa do Villar nº 79
T. +34 604 093 911 - 635 617 158
15705 - Santiago de Compostela

Pedroada en: SANCOA, S.L.
T. +34 981 581 208 / +34 981 581 958
Santiago de Compostela
www.pedrososantiego.es